



Concello do Grove

COMUNICACIÓN PARA A REALIZACIÓN, EN PREDIOS PARTICULARES, DAS FOGUEIRAS DE SAN XOAN (NOITE DO 23 Ó 24 DE XUÑO) E SAN PEDRO (NOITE DO 28 Ó 29 DE XUÑO) DE 2025

Aviso: Esta comunicación debe presentarse xunto co DNI do responsable para a súa comprobación.

RESPONSABLE DA FOGUEIRA	
DNI/CIF	NOME E APELIDOS
ENDEREZO	
PARROQUIA	MUNICIPIO
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

COMUNICO:

A realización dunha fogueira, ás 00:00h. da noite de, que se levará a cabo baixo a miña responsabilidade en:

DATOS DA FOGUEIRA
Lugar exacto da fogueira: (rúa, lugar, parroquia...)

E comprométese a cumprir as seguintes normas:

A fogueira non poderá iniciarse antes das 00:00 h. da noite de San Xoán ou San Pedro.

Non se poderá depositar ningún material mentres non se presente a correspondente comunicación no rexistro municipal.

Previamente ao seu inicio, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de longo, rodeando o perímetro que se vai queimar.

O diámetro máximo da zona de combustión da fogueira será de 4 metros de ancho cunha altura máxima de 2 metros de altura.

Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, escumas de poliuretano, aceites, etc., e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Concello do Grove

Prohíbense as fogueiras baixo tendidos eléctricos, telefónicos, etc.

Non poderá iniciarse ningunha queima cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Asemade, se iniciada a cacharela se producise a aparición do vento, suspenderase inmediatamente a mesma procedendo a apagar o lume.

Non se abandonará a vixilancia da zona queimada, ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.

Ó rematar a fogueira e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables coidarán que as cinzas queden totalmente apagadas e comprométense a retirar do lugar da celebración, todos os restos que queden nun prazo máximo de 48 horas.

En toda queima autorizada deberase contar co persoal e co material suficiente para o seu debido control. Por mor do elevado risco que supoñen este tipo de queimas para a seguridade e a saúde do persoal que as leva a cabo, en ningún caso realizaranse individualmente, mesmo no suposto de que a súa extensión sexa pequena e se considere que o risco é mínimo. Lembre que no caso de ter problemas debe chamar ao 085 ou ao 112 (a chamada é gratuíta), ou o teléfono de Emerxencias 986732255

Serán de obrigado cumprimento as normas sanitarias de distanciamento interpersoal, uso de máscaras, aforamentos máximos, medidas de hixiene e as de control pola persoa organizadora para evitar aglomeracións, así como outras semellantes para previr os riscos de contaxios.

A persoa que asina e comunica a realización da fogueira será sempre o responsable dos danos ou perdas que esta ocasione.

Publicarase mediante anuncio **a autorización no edificio administrativo ao longo do día 20 de xuño de 2025** en horario de atención ao público. Pódese solicitar o seu envío no email medioambiente@concellodogrove.es

O Grove,de xuño de 2024

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358